

# Teatro

## Criaturas\* (fragmento)

Roberto VIDAL BOLAÑO

*Ás portas dunha Igrexa. Saen da misa un home e unha muller, xa maduros. Ela aínda leva posto o veo. El pon o sombreiro e ao descubrir a criatura alí, desconcertada e indefensa, mete a man no peto do gabán como buscando algo.*

A DO VELO: Nin se che ocorra! E menos na miña presenza.

O DO SOMBREIRO: Non pensaba facelo, xúrocho.

A DO VELO: Non me mintas. Vincho nos ollos. Ías achegarte a el e darlle uns pesos. Déixame mirarche a man. (*Intentando abririlla.*) Xa os tiñas nela, non?

O DO SOMBREIRO: É instintivo. Non podo evitalo.

A DO VELO: Os instintos hai que os reprimir. Son perigosos. Sobre todo estes!

O DO SOMBREIRO: Inténtoo, pero non sempre é posible. Ti nunca lles dás?

A DO VELO: Xamais. Pero ti, por máis que o negues, dáslles sempre. Seino.

O DO SOMBREIRO: Sempre non. Dependende.

A DO VELO: De que?

O DO SOMBREIRO: De como me collan. De se levo solto. De que cara lles vexa ou de que pinta me teñan.

A DO VELO: Non deberías darlles nunca.

O DO SOMBREIRO: Tampouco lles dou a demasiados, non creas. Nin son especialmente espléndido. Un ao día, ao sumo, e nunca máis de cinco pesos.

A DO VELO: Pois nin iso! Logo pasa o que pasa.

O DO SOMBREIRO: E que pasa?

A DO VELO: E que vai pasar? Que volven. Ou cóllente de fixo. Ou avisan outros de que es dos que dás e logo maréante.

O DO SOMBREIRO: Eu nunca lle dou dúas veces ao mesmo.

A DO VELO: Pois eu non só non lle dou a ninguén, senón que non estou de acordo con que lles deades outros. E menos ti. Debería estar prohibido.

O DO SOMBREIRO: Un par de pesos a nós non nos fan nada e a eles o mesmo os sacan dun apuro.

A DO VELO: Ou métenos noutro peor.

O DO SOMBREIRO: En cal?

A DO VELO: Afanse e non buscan saídas. E se non se buscan saídas non aparecen solucións.

O DO SOMBREIRO: Ninguén se afai a pedir se pode evitar facelo.

A DO VELO: E quen che dixo que o quixesen evitar? Iso era antes, cando aínda había pobres de verdade e cada un tiña os seus. Viñan a día fixo e non che contaban a súa vida. Sabíala xa. Vivían alí, na túa rúa ou no teu barrio. Dábaslles as sobras da comida, a roupa que xa non

---

\* Fragmento tirado da escolma realizada por Roberto Pascual e incluída na súa obra *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro* (Xerais 2013, pp. 101-107). Véxase Fernández Castro (2011: 262-264) para un estudo actualizador desta obra desde unha visión de conxunto da obra dramática bolañesa. Unha nova edición deste texto en Fernández Castro / Macías (2013).

querías ou que xa non che servía e ás veces mesmo apadriñabas os seus fillos para que se educasen coma cristiáns. Agora pedir é un oficio, un traballo como outro calquera. E non hai quen distinga un pobre verdadeiro dun falso. Un bo home, dun *senvergonza*. Sabías que hai ricos pedindo?

O DO SOMBREIRO: E se son ricos para que queren pedir?

A DO VELO: Para selo máis aínda. (*Achegándose á Criatura e xirando arredor del.*) Este ten pinta de rico. Mira que traxe leva. É de perlé. Ninguén que necesite pedir vai cun traxe de perlé pola vida.

O DO SOMBREIRO: Quédalle pequeno. Vese que non é del.

A DO VELO: Son ricos, pero non parvos. Non van andar por aí dicíndoche: Son rico, déame algo para engrosar a miña xa substanciosa conta corrente.

O DO SOMBREIRO: Eu tomo as miñas precaucións, non creas.

A DO VELO: Como por exemplo?

O DO SOMBREIRO: Pois, eu que sei, se din que teñen unha chea de fillos que manter pídolles que mo acrediten, mostrándome unha foto ou o libro de familia.

A DO VELO: E quen che garante que non son falsos? Mesmo poden levar os rapaces con eles e nunca saberás se son os seus ou son os doutro. Empréstanse os nenos entre eles, non o sabías? Ou arréndanos.

O DO SOMBREIRO: Cando din que piden para os fillos nunca lles dou cartos.

A DO VELO: Mércaslles un bocadillo? E de xamón, claro!

O DO SOMBREIRO: Ou de calamares ou de tortilla.

A DO VELO: E pensarás que fas unha valentía? Os bocadillos os nenos nin os cheiran. Pápanllos eles.

O DO SOMBREIRO: Polo menos non gastan os cartos en droga ou en viño.

A DO VELO: Como fas para distinguir un tollido dun simulador? Antes levaban as chagas á vista, ou os *muñóns*. Non había trampa nin cartón. Nada máis velos sabías ata onde lles chegara a gangrena. Pero agora que non mostran

as feridas ou van en cadeira de rodas, como fas?

O DO SOMBREIRO: (*Sacando algo da lapela do gabán.*) Pincholles na perna con este alfinete.

A DO VELO: Non lles doe, están afeitos. (*Cóllelle o alfinete e pincha a Criatura con el.*) Ves?

O DO SOMBREIRO: Ou doulles unha pata-da nas canelas.



Cartaz da montaxe de *Criaturas* (2000)

A DO VELO: (*Petándolle nas pernas á Criatura cos nocellos.*) Lévanas protexidas con cartóns ou con tona. É como petar nunha pedra. Hoxe non hai precaucións que vullan. Manexan alta tecnoloxía. Saben que somos uns sentimentais, que precisamos deles para levarnos ben con nós mesmos e chaman á nosa *lástima* ou á nosa compaixón, pola porta que máis nos doe. Mira ese lacazán. (*Referíndose á criatura.*) Aí de pé, coa cara lavada, para convencernos de que está tísico, e mostrándolle a todo o mundo, sen o menor pudor, ese ditoso corazón de porco, co ánimo de que creamos que é todo o que teñen hoxe para xantar os seus fillos. Miserable!

O DO SOMBREIRO: E quen che di que non é así?

A DO VELO: E quen che di que o é? Non teñen vergoña. Son quen de facer o que sexa con tal de conseguir que lles deas uns pesos. ¿Non

observaches que ultimamente hai unha chea deles que veñen co conto de que acaban de saír do cárcere? O de ser expresidiario é eficazísimo. O natural é que un agarde que os delincuentes, ao saír en liberdade, delincan, así é que, se de vez de che roubar o bulso, como era de supoñer, o que fan é pedirche algo amablemente, vas, dásllos, e mesmo lles quedas agradecido. A única precaución segura hoxe en día é a indiferenza. Aínda que chegases a saber quen o necesita de verdade e quen non e puideses facer algo por eles, nunca poderías axudar tantos como hai. E non vas facer unha lotería e escoller quen axudar por sorteo. Non é xusto darlles a uns e non darlles a outros, padecendo como padecen todos as mesmas miserias. Cando non se poden remediar todos os males do mundo, querer remediar algúns é un xeito como outro calquera de empeoralos todos. Que fas cos parados, sendo tantos como son?

O DO SOMBREIRO: Aos parados doulles sempre. Estar parado é unha desgraza terrible.

A DO VELO: Tampouco tanto, non creas! Ten as súas vantaxes. Teñen subsidio...

O DO SOMBREIRO: Non lles dura eternamente.

A DO VELO: Dúralles de máis! Pagan menos no autobús...

O DO SOMBREIRO: Iso si. E no fútbol e no teatro.

A DO VELO: E imaxina que che gusta pasear, ou ler. Tes todo o día para ti.

O DO SOMBREIRO: Tamén é certo.

A DO VELO: Deberían obrigar a xente a ler por decreto lei. Dunha para que se instrúisen. E doutra para que, se algunha vez van ao paro, teñan algo mellor que facer que andar por aí, dando pena. O peor de estar parado non é non

ter para comer, senón o moito que te aburres. O demais é vicio todo.

O DO SOMBREIRO: E imprevisión.

A DO VELO: Os parados, se, en vez de botarse rúa adiante a pedir, quedasen na casa, aforraban cartos. Ao non ter nada que facer esfórzaste pouco e tes menos fame. Non queimas graxas e dúranche máis as que tes. Andar abre o apetito e se non tes para comer, canto máis andas máis fame pasas.



Montaxe de *Criaturas* (1999)<sup>1</sup>

O DO SOMBREIRO: É a pescadiña que morde o rabo.

A DO VELO: Por outro lado, hoxe sábese que está parado quen quere. O que sobra é onde traballar. Canto tempo levas intentando atopar alguén que che corte a herba do xardín? Ou que che acabe coas toupas?

O DO SOMBREIRO: Meses.

A DO VELO: Dille a ese do corazón que cho vaia facer, xa verás o que che contesta. O que daría eu por estar no paro e ter tempo para ler.

O DO SOMBREIRO: Despídete. Ou acóllete á xubilación adiantada.

A DO VELO: Para que ocupe o meu posto un destes escariotes? Nin o soñes.

*Saen e muda a luz.*

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

FERNÁNDEZ CASTRO, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela / Bertamiráns (A Coruña): Xunta de Galicia / Laivento.

FERNÁNDEZ CASTRO, Xosé Manuel / FRANCISCO MACÍAS (2013): *Obras completas. Roberto Vidal Bolaño*, vol. 1 (*Integral, Animalións, Anxeliños!, Criaturas, Rastros, Saxo Tenor*). Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

PASCUAL, Roberto (2013): *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*. Vigo: Xerais.

<sup>1</sup> Esta imaxe e a anterior foron tiradas de <http://robertovidalbolano.org/> (Asociación Roberto Vidal Bolaño).